

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 24 DE NOVEMBRO DE 2017

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**LIC/1061/2015.- JOSE BASILIO JUNCAL REGUEIRO.-** Conceder licenza para a legalización de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita no lugar de Ardagán, 30.

**LIC/1452/2013.- JUAN JOSE SÁNCHEZ LÓPEZ.-** Conceder licenza para a construción dun centro de adestramento canino no lugar de Roán, 25 – San Xoán de Fecha.

**LIC/1894/2011.- EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA, S. A.-** Modificar a licenza outorgada na sesión do 13/02/2012 e 20/02/2012, de ampliación e reformas na Praza de Abastos de acordo co Proxecto modificado nº 1 do Proxecto de execución de remodelación do Mercado de Abastos en rúa das Ameas – Praza de Abastos.

**LIC/1787/2016.- SANTIAGO SUR GALICIA, S. L.-** Rectificar a instancia de D. Francisco Villar Figueiras, en nome e representación de Santiago Sur Galicia, S. L. a resolución da Xunta de Goberno Local da sesión de 26 de maio de 2017, por ter padecido un erro no nº de oficinas, ratificando as restantes disposicións da resolución e mantendo, en todo caso, as condicións da licenza concedida.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a legalización de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita no lugar de Ardagán, 30. LIC/1061/2015.** Apróbase a proposta.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a construción dun centro de adestramento canino no lugar de Roán, 25 - San Xoán de Fecha. LIC/1452/2013.** Apróbase a proposta.

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á modificación da licenza outorgada na sesión do 13/02/2012 e 20/02/2012, de ampliación e reformas na Praza de Abastos de acordo co Proxecto modificado nº 1 do Proxecto de execución de remodelación do Mercado de Abastos en rúa das Ameas - Praza de Abastos. LIC/1894/2011.** Apróbase a proposta.

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa a rectificar a resolución da sesión de 26 de maio de 2017, por ter padecido un erro no nº de oficinas, ratificando as restantes disposicións da resolución e mantendo, en todo caso, as condicións da licenza concedida. LIC/1787/2016.** Apróbase a proposta.

**7 a 34.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.** Apróbase a proposta.

**35.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á rectificación do acordo de data 21.10.16 relativo ao beneficio fiscal no Imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana. TXX/1011/2016.** Apróbase a proposta.

**36.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á denegación da solicitude de bonificación no Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), presentada pola**

**XUNTA DE GALICIA. CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CULTURA E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.** Apróbase a proposta.

**37.- Proposta da concelleira delegada de Facenda, Orzamentos e Contratación relativa á concesión de bonificación no Imposto sobre construcións, instalacións e obras solicitada por CCPP QUIROGA PALACIOS, Nº 29.** Apróbase a proposta.

**38.- Recoñecemento de obrigas.** Apróbase a proposta.

**39.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á desestimación do recurso potestativo de reposición interposto contra o acordo da sesión de 20.10.17, de resolución da convocatoria de subvencións ao fomento do deporte federado 2017.** Apróbase a proposta.

**40.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte, Mercados e Benestar Animal relativa á adxudicación do contrato das "Obras de instalación de electricidade para campo deportivo e vestiarios no campo de fútbol de Lamas de Abade".** Adxudícase o contrato a favor da empresa Ferrovial Servicios SAU, por un importe de 68.035,55 euros, IVE incluído.

**41.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aceptación da subvención concedida pola Xunta de Galicia para a execución dunha acción formativa dirixida ás persoas novas inscritas no ficheiro do sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da C.A. de Galicia para 2017 e 2018.** Acórdase aceptar a subvención por importe de 85.394,70 euros para a realización de dúas accións formativas dirixidas ás persoas novas inscritas no Ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (Operacións de montaxe de redes eléctricas e Operacións de fontanería e calefacción-climatización doméstica)

**42.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico relativa á asignación do xurado dos premios do concurso de ideas e procesos colaborativos para o emprego (INDEA).** Apróbase a proposta.

**43.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de "Mellora de seguridade viaria na rúa Cañoteira (Plan DTC 93 adicional 1/2014, 2ª Fase)".** Acórdase adxudicar o contrato á empresa Marconsa Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa SL, por un importe de 151.257,76euros, IVE incluído.

**44.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto de mellora do viario dende o entorno da N-550 en Barciela ata Casas de Arriba en Cesar (Tramo dende o cruce de Candelabeira a Casas de Arriba).** Apróbase o proxecto, cun orzamento máximo de licitación de 211.710,38 euros, IVE incluído, e un prazo de execución de catro meses.

**45.- Informe da concelleira delegada de Xuventude dando conta da conta xustificativa da subvención concedida pola Xunta de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á xuventude durante 2017.** Dáse conta da conta xustificativa da subvención outorgada á concellería de Mocidade por importe de 5.826,67 euros para as Actividades Formativas do Centro Xove de Creación Cultural e a Campaña "Tamén é machismo".

**46.- Proposta da alcaldía dando conta da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e o IES Rosalía de Castro para o Bacharelato Internacional.** Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega municipal de 6.208 euros.

**47.- Proposta da alcaldía dando conta da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e o Seminario Galego de Educación para a Paz, para a promoción da Declaración universal dos dereitos humanos entre a comunidade educativa.** Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega municipal de 2.000 euros.

**48.- Proposta da alcaldía dando conta da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e a USC para actividades no ámbito da educación**

**non formal e de convivencia.** Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega municipal de 1.000 euros.

## **URXENCIAS**

**1.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á formulación de alegacións contra a proposta de sanción e acordo de inicio de procedemento sancionador na ATRIGA contra o Concello de Santiago por incumprimento de obrigas tributarias.** Acórdase formular alegacións contra o acordo de inicio/proposta de sanción da Delegación da Coruña da ATRIGA de 26 e 19 de outubro contra o Concello de Santiago.

**2.-Proposta da concelleira de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación do convenio de colaboración do Concello de Santiago (Oficina de Igualdade) coa Universidade de Santiago.** Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 11.000 euros

**3.-Propostas do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativo á adxudicación do contrato de Subministro para a mellora das instalacións de alumeadado público nos accesos á cidade de Santiago, Fases I, II, III e IV.** Acórdase a adxudicación dos contratos de referencia en favor das seguintes empresas:

- Fase I: Ferroviario Servizos, por un importe de 227.196,75 euros, IVE incluído.
- Fase II: Cobra Instalacións e Servizos, por un importe de 381.482,28 euros, IVE incluído
- Fase III: Cobra Instalacións e Servizos, por un importe de 355.318,91 euros, IVE incluído
- Fase IV: Cobra Instalacións e Servizos, por un importe de 294.584,01 euros, IVE incluído